



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS

INTRODUCCIÓN

Sendo esta unha asignatura de nova creación, reproducimos polo tanto a breve descrición dos contidos reflexados no Decreto 183/ 2001, do 19 de xullo (DOG do 13 de agosto de 2001) que di o seguinte:

“Coñecemento histórico das diferentes escolas e/ou sistemas do instrumento principal e, se é o caso, dos da mesma familia. Achea dos grandes instrumentistas e pedagogos ó desenvolvemento da técnica instrumental”.

Desenrolando esta trataremos de afianzar uns coñecementos teóricos escoitando ó noso instrumento tanto nun ámbito popular como culto, tanto con instrumentos históricos como modernos, dentro das diferentes aproximacións interpretativas e a través dos seus intérpretes máis recoñecidos. Achegarémonos tamén ós textos que nos legaron clarinetistas de renome, métodos de estudo, escritos autobiográficos, artigos especializados, entrevistas, e similares.

Todo isto secuenciado en dous grandes bloques correspondentes ós dous cursos, nos que por necesidades históricas relacionaremos parte dos contidos sen prexuízo de basar maioritariamente o primeiro curso nunha miscelánea que comprende ós antecesores do clarinete, á evolución no deseño do instrumento e da súa familia, ó nacemento das dúas principais escolas no século XVIII e a súa evolución no século XIX, e ó papel que ten o clarinete no jazz, no klezmer e noutras músicas populares occidentais; e adicar o segundo curso ó coñecemento dos principios acústicos propios do clarinete e ó acercamento ás diferentes aproximacións interpretativas ó repertorio solista, orquestral e de cámara dos grandes clarinetistas do século XX.

**1º CURSO
CONTIDOS**

- Antecesores populares do clarinete nas culturas non occidentais.
- Antecesores populares do clarinete na tradición musical occidental.
- O clarinete na música popular tradicional centroeuropea; estudio dos casos de Grecia e Bretaña.
- O clarinete no klezmer e no jazz. Relevancia do clarinete nas diferentes formacións instrumentais.
- Aportacións do klezmer e do jazz ó desenrolo das técnicas “contemporáneas” empregadas no s. XX.
- Características identificativas no deseño do clarinete dende o século XVII ata o XIX: *chalumeaux*, clarinetes barrocos, clarinetes clásicos, clarinetes románticos e clarinetes con sistema Müller, Boëhm, Albert, Baermann-Ottensteiner e Oehler. Innovacións e melloras no século XX.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS

- Características principais das dúas principais escolas clarinetísticas do s. XVIII. Formación das escolas nacionais no s. XIX.
- Grandes intérpretes dos s. XVIII e XIX. Relación *constructor-intérprete-compositor*.
- Planificación e realización de traballos de investigación.
- Lectura e comentario de textos (autobiografías, artigos, etc.).
- Audicións comparadas das obras máis importantes do s. XVII, XVIII e XIX interpretadas con instrumentos orixinais e actuais da familia do clarinete.

OBXECTIVOS

Ó finaliza-lo curso o alumno debe ser capaz de:

- Recoñecer auditivamente ós diferentes instrumentos da familia do clarinete ó longo da súa historia.
- Adquirir-lo hábito de escoitar música de diferentes estilos e interesarse por ampla-las súas preferencias persoais.
- Aprecia-los textos de aprendizaxe utilizados noutras épocas e analiza-las instrucións técnicas e estilísticas recollidas neles.
- Amplia-lo coñecemento sobre a familia instrumental a través do emprego dun léxico específico apropiado.
- Realizar comentarios críticos a partir das audicións comparadas entre obras interpretadas con instrumentos orixinais e con instrumentos actuais.
- Captar as diferencias existentes entre as dúas principais escolas anteriores ó século XIX, así como os elementos característicos inherentes ás mesmas que se aprecian nas tradicións dos séculos XIX e XX.
- Coñece-los casos máis salientables das relacións entre *constructor-intérprete-compositor* e valora-lo súa importancia no desenvolvemento do deseño do clarinete e do seu repertorio.
- Valora-la aportación do clarinete á música tradicional centroeuropea, ó klezmer e ó jazz.
- Realizar exames sobre os contidos expostos nas clases.
- Realizar traballos orixinais de investigación relacionados cos contidos da asignatura seguindo as instrucións dadas durante o curso académico.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar a través da audición clarinetes (ou antecesores do mesmo) de diferentes épocas e describi-las súas características principais. *-Este criterio pretende avalia-la capacidade do alumno para recoñece-las diferencias tímbricas, e as posibilidades técnicas e expresivas dos diferentes membros da familia do clarinete.*
- Realizar comentarios críticos a partir de audicións comparadas entre obras interpretadas con instrumentos orixinais e con instrumentos actuais. *-Este criterio pretende avalia-la capacidade do alumno para comenta-las diferencias básicas entre os dous tipos de instrumentos así como valora-la importancia das fontes e o coñecemento dos criterios históricos á hora de aborda-lo estudio dunha partitura.*
- Realizar traballos de investigación sobre algún aspecto determinado dos contidos da asignatura seguindo as instrucións dictadas durante o curso. *- Este criterio pretende avaliar en qué medida son capaces os alumnos de proporse e realizar en termos aceptables traballos que os motiven a descubrir e coñecer algo máis da disciplina, sendo o importante a autenticidade e o rigor do estudio realizado evitando en todo momento plaxiar as fontes documentais.*
- Realizar exames escritos sobre os contidos impartidos nas clases. *-Este criterio pretende avaliar en qué medida son capaces os alumnos de proporse e realizar en termos aceptables un exame interiorizando e rentabilizando o tempo de estudio.*
- A nota final do curso será o resultado do cálculo da media aritmética das notas dos traballos e dos exames. Previamente a nota media dos traballos será ponderada ó 40 %, e a nota media dos exames feitos durante o curso será ponderada ó 60 %.
- Os alumn@s que fagan uso da convocatoria de setembro deberán presenta-la totalidade dos traballos propostos durante o curso para poder realiza-lo exame sobre os contidos da asignatura.
- Os alumn@s perderán o dereito á avaliación continua si as faltas de asistencia superan o 20 % do total das clases cada cuatrimestre.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS

**2º CURSO
CONTIDOS**

- Principios acústicos básicos do instrumento: aplicación práctica.
- Estudio das diferentes aproximacións interpretativas ó repertorio solista, orquestral e de cámara dos grandes clarinetistas do século XX, prestando unha atención especial á tradición vienesa, á escola alemana, á escola francesa, e á tradición clarinetística no ámbito anglosaxón.
- Audicións comparadas dos clarinetistas máis importantes do século XX atendendo a criterios interpretativos.
- Lectura e comentario de textos relacionados co clarinete (autobiografías, artigos, etc.) e cos cambios interpretativos no s. XX.
- Planificación e realización de comentarios e traballos investigación seguindo as instrucións dictadas durante o curso.

OBXECTIVOS

Ó finaliza-lo curso o alumno debe ser capaz de:

- Recoñecer auditivamente as características inherentes ás diferentes aproximacións interpretativas existentes no século XX.
- Adquirir-lo hábito de escoitar música de diferentes estilos e interesarse por ampliar-las súas preferencias persoais.
- Captar a través da audición os elementos diferenciadores que atopamos nas gravacións con instrumentos orixinais e modernos.
- Ler e comentar textos relacionados co clarinete (autobiografías, artigos, etc.) e cos cambios interpretativos no s. XX.
- Comentar as audicións propostas durante o curso.
- Realizar exames sobre os contidos expostos nas clases e traballos de investigación sobre algún aspecto determinado dos contidos da asignatura seguindo as instrucións dadas durante o curso académico.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar a través da audición a clarinetistas actuais e describi-las súas características principais. *-Este criterio pretende avalia-la capacidade do alumno para recoñecelas diferencias técnicas e interpretativas que caracterizan os grandes clarinetistas do século XX.*
- Realizar comentarios críticos a partir da audición comparada de obras interpretadas con instrumentos orixinais e/ou con instrumentos actuais. *-Este criterio pretende avalia-la capacidade do alumno para comenta-las diferencias básicas entre os dous tipos de instrumentos así como valora-la importancia das fontes e criterios históricos á hora de aborda-lo estudio dunha partitura.*
- Realizar traballos de investigación sobre algún aspecto determinado dos contidos da asignatura seguindo as instrucións dictadas durante o curso. *-Este criterio pretende avaliar en qué medida son capaces os alumnos de proporse e realizar en termos aceptables traballos que os motiven a descubrir e coñecer algo máis da disciplina, sendo o importante a autenticidade e o rigor do estudio realizado evitando en todo momento plaxiar as fontes documentais.*
- Realizar exames escritos sobre os contidos impartidos nas clases. *-Este criterio pretende avaliar en qué medida son capaces os alumnos de proporse e realizar en termos aceptables un exame interiorizando e rentabilizando o tempo de estudio.*
- A nota final do curso será o resultado do cálculo da media aritmética das notas dos traballos e dos exames. Previamente a nota media dos traballos será ponderada ó 40 %, e a nota media dos exames feitos durante o curso será ponderada ó 60 %.
- Os alumn@s que fagan uso da convocatoria de setembro deberán presenta-la totalidade dos traballos propostos durante o curso para poder realiza-lo exame sobre os contidos da asignatura.
- Os alumn@s perderán o dereito á avaliación continua si as faltas de asistencia superan o 20 % do total das clases cada cuatrimestre.

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS

RECURSOS

Reproductores de DVD, CD, VHS, ordenador con acceso a internet, material habitual nunha aula de música e partituras de tódolos estilos a traballar.

Material audiovisual:

Exemplos variados de clarinetistas das diferentes aproximacións interpretativas en diferentes formatos (DVDs, CDs, LPs, ...).

Gravacións históricas de principios do s.XX. Gravacións con instrumentos orixinais. Gravacións de música klezmer, de música folclórica e das distintas épocas do jazz.

Vídeos ou DVDs relacionados cos contidos do curso.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

Birsak, Kurt: *The Clarinet, A Cultural History* (Buchloe: Druck und Verlag Obermayer GmbH, 1994).

Bok, Henri y Eugen Wendel: *New Techniques for the Bass Clarinet* (Paris: Editions Salabert, 1989).

Brown, Clive: *Classical and Romantic Performing Practice 1750-1900* (Oxford: Oxford University Press, 1999).

Brymer, Jack: *The Clarinet* (London: Kahn & Averill, 1990).

Dart, Thurston: *La Interpretación de la música* (Madrid: A. Machado Libros, 2002).

Farmer, Gerald: *Multiphonics and Other Contemporary Clarinet Techniques* (Rochester: Shall-u-mo Publications, 1982).

Ferron, Ernest: *The Clarinet Revealed: A Essay on the Clarinet* (International Music Diffusion, nº 397).

Gibson, O. Lee: *Clarinet Acoustics* (Bloomington: Indiana University Press, 1998).

Harnoncourt, Nikolaus: *El Diálogo Musical* (Barcelona: Paidós Ibérica, 2003).

DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS

Lawson, Colin: *The Chalumeau in the Eighteenth-Century Music* (Ann Arbor: UMI Research Press, 1981).

—————: *Mozart Clarinet Concerto* (Cambridge: Cambridge University Press, 1996).

—————: *Brahms Clarinet Quintet* (Cambridge: Cambridge University Press, 1998).

—————: *The Early Clarinet: A Practical Guide* (Cambridge: Cambridge University Press, 2000).

Lawson, Colin (ed.): *The Cambridge Companion to the Clarinet* (Cambridge: Cambridge University Press, 1995).

Lawson, Colin y Robin Stowell: *La Interpretación Histórica de la Música: una introducción* (Madrid: Alianza Editorial, 2005).

Lescat, Phillippe y Jean Saint-Arroman: *Méthodes et Traités 6. Série I. France 1600-1800* (Courlay: Ed. J. M. Fuzeau, 2000).

Newhill, J. P.: *The Basset-horn and its music* (Surrey: Michael Bryant, 1997) 2ª ed.

Pino, David: *The Clarinet and Clarinet Playing* (New York: Dover Publications Inc., 1998).

Pople, Anthony: *Messiaen* (Cambridge: Cambridge University Press, 1998).

Puwalski, Tom: *The Clarinetist's Guide to Klezmer* (Ellicott: Zephyr Publishing, s.a.).

R. Rice, Albert: *The Baroque Clarinet* (Oxford: Clarendon Press, 1992).

—————: *The Clarinet in the Classical Period* (New York: Oxford University Press, 2003).

Rehfeldt, Phillip: *New Directions for Clarinet* (Berkeley & Los Angeles: University of California Press, 1976) rev. 1994.

Ridenour, Thomas: *The Annotated Book of Altissimo Clarinet Fingerings* (Longwood: Tom's Clarinet Service, 1986).

Sadie, Stanley (John) y A. Jacobs : *The New Grove Dictionary of Music and Musicians* (London: Macmillan, 1980).



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE CLARINETE

MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS

—————: *The New Grove Dictionary of Music and Musicians* (London: Macmillan, 1980).

Stein, Keith: *El Arte de Tocar el Clarinete* (Miami: Summy-Birchard Music Inc., 1999) (ed. en español).

Tranchefort, François R.: *Los Instrumentos Musicales del Mundo* (Madrid: Alianza Editorial, 1985).

Weston, Pamela: *Clarinet Virtuosi of the Past* (Suffolk: Panda Press, 1971).

—————: *More Clarinet Virtuosi of the Past* (Suffolk: Panda Press, 1977).

—————: *Clarinet Virtuosi of Today* (Hertfordshire: Egon Publishers Ltd., 1989).

—————: *Yesterday's Clarinetists: a sequel* (Yorkshire: Emerson Edition Ltd., 2002).

Zelinsky, Beate y David Smeyers: *PRO MUSICA NOVA Studies for Playing Contemporary Music for Clarinet* (Wiesbaden: Edition Breitkopf, 1996).